



(+34) 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:46:06


SAIDA 4353/19




Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 17/2019

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 21 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada, por silencio administrativo, unha solicitude de acceso á información pola Consellería de Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional referente ao número de profesores de ESO e Bacharelato que imparten clase tendo algunha discapacidade psíquica e a nota obtida na fase de oposición tida en conta para a lista de interinos.

O escrito viña acompañado da súa solicitude de acceso e copia do seu DNI

Segundo. Con data 23 de xaneiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de febreiro de 2019

Terceiro. Con data 18 de febreiro de 2019 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 18 de febreiro de 2019, emitíuse resolución de inadmisión da dita solicitude, por considerar, en base ao disposto no artigo 18.1.e) da Lei 19/2013 que a solicitude ten un carácter abusivo, non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei. Se indica que a Consellería non dispón da información solicitada, dado que a normativa aplicable en materia de protección de datos esixe a minimización de datos, o que implica que os datos que se soliciten deben ser adecuados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os que son tratados, polo que non se recada mais información que a estritamente necesaria para a prestación do servizo público de educación. Considera que se trata de datos de categorías especiais, de acordo co disposto no regulamento de protección de datos, ao referirse a datos de saúde.

No caso de que exista na Consellería algún dato parcial ao respecto, por telo comunicado o interesado, a única forma de cuantificalo sería acceder ao expediente de cada un dos mais de 12.000 docentes de ESO e Bacharelato dependentes da Consellería, o que suporía paralizar a actividade do órgano administrativo correspondente.

Cuarto. Con data do 19 de febreiro ten entrada un escrito complementario presentado pola interesada, co que remite copia da resolución de inadmisión da súa solicitude, e no que manifesta que cando menos, a Consellería dispón dos datos numéricos relativos aos profesores procedentes das listas, dado que se coñece tanto o dato das discapacidades, os movementos das listas e as notas obtidas que deben constar necesariamente informatizados.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información pública poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente en prazo, e a interesada presentou a súa reclamación con anterioridade a que se ditase resolución expresa fora do prazo legalmente previsto, debe admitirse a reclamación presentada.

Quinto.- Análise do expediente.

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

Con todo, é necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, e iso mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos. Por tanto, dende esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

No presente caso, a interesada solicitou datos numéricos sobre os profesores de ESO e Bacharelato que imparten clase tendo algún tipo de discapacidade psíquica e os profesores que proceden das listas de interinos teñen algún tipo de discapacidade psíquica e a nota da fase de oposición que se lles tivo en conta para a lista de interinidades.

Na resolución que a Consellería emite con data do 18 de febreiro de 2019, inadmitiuse polos motivos que se pasan a analizar a continuación:

Alégase pola Consellería que non se posúen os datos solicitados en base ao principio de minimización dos datos en virtude do cal, os datos solicitados deben ser pertinentes, adecuados e limitados ao necesario en relación cos fins para o que son tratados, polo que non pode a Administración recadar do seu profesorado mais información que a que sexa estritamente necesaria para a prestación do servizo público de educación.

Se ben é certo que de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos, os datos que se recaben dos interesados deben ser axeitados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os que son tratados, non é menos certo que nas convocatorias da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de procedementos para a elaboración de listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en ESO e Bacharelato (a título de exemplo, entre outras as do 18/1/2018, 24/1/2019, 4/2/2019 e 8/2/2019) figura un apartado que se debe cumprimentar si se presenta copia compulsada da documentación acreditativa da discapacidade, de ser o caso, do/a solicitante, de conformidade co establecido na base 3.1 da convocatoria, que establece que aos efectos da aplicación da garantía do chamamento a persoas con discapacidade prevista no parágrafo segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 11 de xullo de 2017 por Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 28 de xuño de 2017, que ten como finalidade garantir un maior acceso ás persoas con discapacidade a estas listas, nas que se garante que polo menos, un de cada 14 aspirantes deberá posuír discapacidade recoñecida dun mínimo dun 33 %.

Así mesmo, nas ofertas de emprego público de persoal funcionario de corpos docentes, (a título de exemplo o Decreto 29/2018, do 22 de febreiro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018), establécese unha reserva do 7 % de prazas para persoas con discapacidade do total de prazas ofertadas para ingreso e acceso para seren cubertas por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

De acordo co anterior, tanto nos procesos selectivos para o ingreso nos distintos corpos docentes, como nos procedementos de elaboración de listas de substitucións, ao contrario do afirmado no informe da Consellería de Educación, recábbase o dato de ter recoñecida unha discapacidade mínima do 33 %, coa finalidade de poder acceder ás prazas pola quenda de discapacidade, tanto nos procedementos de selección de persoal como na elaboración de listas de substitución ou de interinidade.

Si se recaba o dito dato nuns procedementos, nos que é de coñecemento público que son de gran concorrencia de solicitantes e opositores, non estaría xustificado que a Consellería de Educación non dispuxera de sistemas informáticos axeitados nos que se recolla que solicitantes que se presentan tanto para ser incluídos nas listas de substitucións como os aspirantes a procedementos selectivos, acreditan ter recoñecida a discapacidade superior ao 33 %, mais tendo en conta que este é un dato que debe ser comunicado á Agencia Tributaria aos efectos de practicar as retencións nas nóminas dos profesores que acrediten ter recoñecido un grao de discapacidade.

Respecto ao carácter dos datos solicitado como datos de categoría especial, debe terse en conta que se ben os datos solicitados se refiren a datos relativos á saúde, non se está a pedir a identificación dos profesores que teñen recoñecida unha discapacidade, senón unicamente o seu número, polo que, de conformidade co disposto no artigo 15.4 da Lei 19/2013, non lle son aplicables as limitacións ao acceso á información en base á protección de datos de carácter persoal, dado que se piden os datos disociados, de forma que se impide totalmente a identificación das persoas afectadas.

Dito o anterior, debemos ter en conta que a información solicitada refírese non ao número total de profesores con discapacidade, senón a o número de profesores con discapacidade psíquica, e este non é un dato que se recabe, xa que a efectos de quendas de persoas con discapacidade, se esixe ter recoñecido un grao de discapacidade superior ao 33 %, pero sen distinguir entre a psíquica e a física. De acordo co anterior, sería necesario para cuantificar o dato solicitado pola interesada, acceder aos expedientes de todos os profesores en activo que en algún momento da súa carreira acreditasen algún tipo de discapacidade, para contabilizar os que acreditasen discapacidade psíquica, labor que no caso de ser atendida, polo número de expedientes que sería necesario consultar, requiriría un tratamento que obrigaría a paralizar o resto da xestión da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, impedindo a atención xusta e equitativa do seu traballo e o servizo público que ten encomendado.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA


Única: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 21 de enero de 2019, contra a denegación da súa solicitude de información á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional referente ao número de profesores de ESO e Bacharelato que imparten clase tendo algunha discapacidade psíquica e a nota obtida na fase de oposición no caso de internos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto

no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga